

26- Construcción de móbiles no marco de Arte e Ciencia en Galego
proposto pola asociación Igaciencia.

Durante os últimos 15 días fomos decidindo e facendo as pezas para 2 móbiles, un deles sobre o Samaín, feito entre toda a clase.

Os debuxos son propios menos o esqueleto que é dunha ficha.

Os de infantil fixeron o colar de zonchos e o esqueleto articulado.

O móbil está ambientado na época en que se fixo: o Samaín. É táctil (polos diferentes materiais usados) e leva un pequeno colar de zonchos (unha castaña de cada un de infantil), unha caveira, 1 fantasma, 1 araña, 1 esqueleto, a bruxa, a curuxa, o gato, o rato, a serpe, o moricego, a momia, etc...



Outro é sobre as cores, figuras xeométricas e os 5 sentidos, feito polos de 1º e 2º.

Utilizamos goma eva de varios grosos, feltro de varias texturas, gomets, plumas, axóuxeres, cartoliña, aramios, fio de algodón e tanza...

As nubes fixéronse inscritas nun rectángulo dado, en cada lado polo menos un punto da nube toca o lado do rectángulo. As nubes están colocadas en orde das cores do arco da vella pero atravesadas. As nubes teñen as cores do arco da vella en 2 tons: por un lado máis claro, menos intenso, que polo outro. Como o arco da vella sae cando chove e vai sol, levou a poñer por un lado 3 pingas (grande, mediana, pequena) e por outro un sol.

Os deseños de cada cousa son persoais, desde as pingas ata os rombos e os rectángulos áureos (construídos en papel cuadrulado).

No círculo do sol usouse unha mesma plantilla para levar tamén o concepto de igualdade. As cores das pingas e do sol volven a ser das cores do arco da vella pero miradas en senso contrario polo que o amarelo coincide... por esa razón se lle colgou o arco da vella de plumas na posición que se ven no arco da vella, en vertical, para dar unha pista, pois colocadas como están as nubes non se ve tan claro que é un arco da vella (aínda que están colgadas formando un arco). A cuestión está en facer a

pregunta de: cal é o código que explica todo iso que vemos no alto? para que o que o mire o teña que descubrir. .En cada foto plana vense as caras de cada lado igual pero cando está colgado, móvese e vense aleatoriamente. Logo pódese xogar a que cada neno mire unha das pezas e controle cantas voltas dá en tal tempo e como está posicionada en relación a outra dada... e noutro momento outra vez... e ver frecuencias de repeticións, etc, para enlazar co da estatística de Nightingale a quen se lle adica tamén este ano... Máis embaixo vai o negro-branco e as cores complementarias xogando cos tamaños e as formas de rombo e cadrado que van en senso inverso á longura do fío e o tamaño do axóuxere que lle colga. Máis embaixo está o outro rectángulo áureo, en marróns. .As plumas levan outras ideas implícitas pois o arco da vella está no ar e no ar voan as aves, e as aves teñen plumas.

O móbil é táctil pois conleva distintas sensacións táctiles, se o tocamos (polos materias con que se fixo), é visual, é sonoro (4 axóuceres de 3 tamaños. Leva algo oloroso (as gominolas) e algo con sabor para que leve todos os sentidos (é unha cortada de sandía porque é unha froita comestible que ten cores complementarias e é un semi-óvalo). Finalmente leva unha peza que recordamóito ós móbiles de Calder. (a quen se lle adica o traballo, pois el facía moitos móbiles) en vermello e negro, cores que el tamén usou moito...

En fin... é un traballo longo de deseño e relación de cousas, conceptos e recoñecementos.

Xusto cortar o aramio foi o que non poidemos,
estaba demasiado duro para nós!
pero si o dobramos!!!



Presentamos os 2 traballos ó concurso de Igaciencia
Ciencia e Arte en galego, houbo pouca participación dos centros,
é unha mágoa!!!
Nós fomos premiados e
o día 4 de novembro é a entrega de premios en Lugo.

Agora réstanos completar o traballo noutro senso, experimentando cos pigmentos de cores, facer branco e facer negro, o prisma e a luz, a auga e o sol. A luz natural e a falta de luz...

A semá da ciencia en galego aínda non rematou!

As cúpulas xeodésicas que fixemos en honor ó arquitecto Fuller
están no blogue das extraescolares.

<http://dallequedallenaescoladelago.blogspot.com/es/2013/10/dalle-que-dalle-na-escola-de-lago.html>